Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AXUDAS MUNICIPAIS AO TRANSPORTE PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE COIRÓS. CURSO 2026-2027

EXPEDIENTE: 2026/A011/000007

ANTECEDENTES:

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2026, actuando por delegación da Alcaldía conforme ao Decreto da Alcaldía núm. 75/2026, do 13 de abril, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, aprobáronse as Bases reguladoras das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós

Segundo. As citadas bases teñen por finalidade contribuír a compensar parcialmente os gastos derivados dos desprazamentos que deben realizar as persoas residentes no Concello de Coirós para cursar fóra do termo municipal ensinanzas non dispoñibles no municipio, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso e continuidade nos estudos.

Terceiro. Co obxecto de dar publicidade ás Bases reguladoras e proceder á apertura do procedemento de concesión das axudas correspondentes ao curso 2026/2027, procede aprobar a correspondente convocatoria anual e efectuar a publicación da resolución de aprobación da convocatoria xunto co texto das Bases reguladoras previamente aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Cuarto. Consta no expediente informe-proposta técnico favorable da Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar relativo á aprobación da convocatoria para o curso 2026/2027.

Quinto. Existe crédito adecuado e suficiente no Orzamento municipal do exercicio 2026 para atender estas axudas, por un importe máximo de cinco mil cincocentos euros (5.500 €), con cargo á aplicación orzamentaria 231/48100.

Sexto. Mediante Decreto da Alcaldía núm. 75/2026, do 13 de abril, delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación das bases e convocatorias de axudas e subvencións sometidas ao principio de libre concorrencia.

Sétimo. Atendendo ao momento do curso escolar no que se tramita o expediente e á necesidade de proceder coa maior celeridade á aprobación e publicación da convocatoria, co fin de posibilitar a apertura do prazo de presentación de solicitudes e evitar demoras na tramitación das axudas destinadas ás familias, concorren circunstancias de carácter organizativo e social que fan conveniente a avogación puntual da competencia delegada, exclusivamente para a aprobación da presente convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a avogación dun asunto cuxa resolución corresponda por delegación cando concorran

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wUPAllTFaJJcvIYtze8B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente. Nos supostos de delegación en órganos non dependentes xerarquicamente, a avogación corresponde ao órgano delegante.

Segundo. De conformidade co artigo 10.2 da Lei 40/2015, a avogación debe realizarse mediante acordo motivado e, de existir persoas interesadas no procedemento, debe notificárselles antes ou simultaneamente á resolución final; contra a avogación non cabe recurso autónomo.

Terceiro. Resultan de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e demais normativa aplicable.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro. Avogar, para a aprobación da convocatoria correspondente ao presente expediente, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto da Alcaldía núm. 75/2026, do 13 de abril, relativa á aprobación das convocatorias de axudas e subvencións sometidas ao principio de libre concorrencia.

A avogación fundaméntase na necesidade de axilizar a tramitación do procedemento, atendendo ao momento do curso escolar no que se atopa o expediente e á conveniencia de proceder sen demora á aprobación e publicación da convocatoria, posibilitando a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

A presente avogación ten carácter puntual para a aprobación desta convocatoria, mantendo plena vixencia para os restantes asuntos a delegación efectuada na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Aprobar a Convocatoria das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós para o curso 2026/2027, cuxo texto se incorpora como Anexo I á presente resolución e forma parte integrante dela.

Terceiro. Autorizar un gasto máximo de cinco mil cincocentos euros (5.500 €), con cargo á aplicación orzamentaria 231/48100 do Orzamento municipal do exercicio 2026.

Cuarto. Ordenar a publicación da presente resolución de aprobación da convocatoria, xunto co texto das Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de setembro de 2026, así como efectuar as actuacións de publicidade e comunicación que correspondan a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e do Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade coa normativa aplicable.

Quinto. Publicar, así mesmo, a convocatoria na sede electrónica e na páxina web do Concello de Coirós.

Sexto. Dar traslado da presente resolución á Intervención municipal e aos demais servizos municipais competentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wUPAllTFaJJcvIYtze8B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).

ANEXO I
CONVOCATORIA DE AXUDAS AO TRANSPORTE PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE COIRÓS PARA O CURSO 2026/2027

EXPOSICIÓN

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2026, actuando por delegación da Alcaldía conforme ao Decreto da Alcaldía núm. 75/2026, do 13 de abril, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, aprobáronse as Bases reguladoras das axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós

As citadas bases teñen por finalidade contribuír a compensar parcialmente os gastos derivados dos desprazamentos que deben realizar as persoas residentes no Concello de Coirós para cursar fóra do termo municipal ensinanzas non dispoñibles no municipio, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso e continuidade nos estudos.

Existindo crédito adecuado e suficiente no Orzamento municipal do exercicio 2026 para atender estas axudas, e de conformidade co previsto nas bases reguladoras:

Primeiro. Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas municipais ao transporte para a realización de estudos fóra do termo municipal do Concello de Coirós, correspondentes ao curso 2026/2027, de conformidade co establecido nas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós.

Segundo. Crédito orzamentario

As axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231/48100 do Orzamento municipal do exercicio 2026. O crédito destinado á presente convocatoria ascende a cinco mil cincocentos euros (5.500 €). A concesión das axudas quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que reúnan os requisitos establecidos na Base cuarta e quinta das Bases reguladoras.

Cuarto. Contía das axudas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wUPAllTFaJJcvIYtze8B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

As contías individuais das axudas serán as establecidas nas Bases reguladoras, en función da localización do centro no que se cursen os estudos.

A localidade que conste no certificado expedido polo centro educativo ou académico será a que se tome como referencia para determinar o ámbito territorial e a contía da axuda que corresponda.

Ás persoas con discapacidade seralles de aplicación, cando proceda, a contía específica prevista nas Bases reguladoras para os estudos realizados en localidades limítrofes co Concello de Coirós.

No caso de insuficiencia do crédito orzamentario, as solicitudes ordenaranse conforme ao criterio de menor renda per cápita da unidade familiar, de acordo co establecido nas Bases reguladoras.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Sexto. Lugar e forma de presentación

As solicitudes formalizaranse mediante o modelo normalizado (Anexo I) das Bases reguladoras e deberán ir acompañadas da documentación prevista na Base oitava.

O Concello de Coirós realizará de oficio as comprobacións de datos previstas nas Bases reguladoras, nos termos permitidos pola normativa aplicable, sen que estas comprobacións inclúan a documentación relativa á renda da unidade familiar, que deberá ser achegada polas persoas interesadas.

Poderán presentarse:

a) no Rexistro Xeral do Concello de Coirós;

b) na sede electrónica municipal;

c) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétimo. Exercicio fiscal de referencia

Para o cálculo da renda per cápita familiar tomaranse como referencia os datos correspondentes ao exercicio fiscal 2025, por ser o último exercicio cuxo prazo de presentación das declaracións tributarias finalizou con anterioridade á publicación desta convocatoria.

Para determinar a renda computable de cada membro da unidade familiar aplicaranse os criterios establecidos nas Bases reguladoras.

Para o exercicio fiscal 2025, a renda computable obterase a partir dos importes consignados nas casillas [435] + [460] - [595] da declaración do IRPF, correspondentes, respectivamente, á base impoñible xeral, á base impoñible do aforro e á cota líquida resultante da autoliquidación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wUPAllTFaJJcvIYtze8B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Oitavo. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento corresponderá á Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar do Concello de Coirós, que realizará cantas actuacións resulten necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Noveno. Resolución

A resolución do procedemento corresponderá á Xunta de Goberno Local.

Décimo. Pagamento

O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola persoa beneficiaria na solicitude, unha vez ditada a resolución definitiva de concesión.

Décimo primeiro. Normativa aplicable

A presente convocatoria rexerase ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós (BOP nº 170 do 07.09.2026) e polas Bases reguladoras das axudas municipais para a adquisición de libros e material escolar do Concello de Coirós, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e demais normativa de aplicación.

Décimo segundo. Publicidade

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como na sede electrónica e na páxina web do Concello de Coirós, para os efectos oportunos.

Décimo terceiro. Recursos

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía do Concello de Coirós no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wUPAllTFaJJcvIYtze8B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/